

**Resolución do 6 de outubro do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso de acceso por oposición libre e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocados pola orde do 26 de xullo de 2022 (DOG núm. 153, do 11 de agosto), pola que se lle da publicidade a diversos acordos.**

Na sesión que tivo lugar o día 6 de outubro de 2022, o tribunal nomeado pola Resolución do 13 de setembro de 2022 (DOG núm. 178, do 19 de setembro), de conformidade coas bases da convocatoria adoptou os seguintes acordos:

1. Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 26 de setembro de 2022.
2. O primeiro exercicio do proceso de acceso por oposición libre levarase a cabo o día **24 de outubro de 2022** no **Pavillón nº 2** do Recinto Feiral de Silleda ás 10:00 horas en chamamento único.
  - O primeiro exercicio consistirá nunha proba de avaliación de coñecementos tipo test con 100 preguntas e catro respostas alternativas, sendo unha soa a correcta. Este Tribunal acordou incluír no cuestionario, un total de 10 preguntas de reserva, que no suposto que se anule algunha das cuestións da proba de coñecementos, teranse en conta e puntuaranse igual que as do resto do exercicio.
  - A proba terá unha duración de 120 minutos, e non se concederá tempo a maiores.
  - Non está permitido o acceso ao recinto onde se vai a desenvolver o exercicio con teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro aparato electrónico. Non se habilitará ningún servizo para a súa recollida ou depósito.
  - Poderase abandonar o lugar de realización da proba unha vez rematada a mesma, agás nos derradeiros 30 minutos do tempo establecido, sempre e cando sexa autorizado polo persoal de organización seguindo as indicacións do tribunal. De seguido, deberase abandonar o recinto, so estando autorizadas para permanecer no mesmo as persoas aspirantes que deban realizar a proba de coñecementos da lingua galega.
  - Rematado o exercicio por tódolas persoas aspirantes, publicarase na páxina web da Agasp (<https://agasp.xunta.gal/es>) o enunciado e o cadro de respostas correctas do exame tipo test e o enunciado da proba de coñecemento da lingua galega.
  - Concedéranse dous días (25 e 26 de outubro) para presentar alegacións as preguntas do cuestionario. As alegacións remitiranse a dirección de correo electrónico seguinte: [seleccion.agasp@xunta.gal](mailto:seleccion.agasp@xunta.gal), indicando nome, apelidos, número do DNI e a cuestión que se impugna co motivo. Non se terán en conta as alegacións que non se axusten ao establecido neste punto.
3. O segundo exercicio do proceso selectivo, correspondente a avaliación de coñecementos da lingua galega, realizarase a continuación da proba de coñecementos  
Consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro do galego ao castelán e terá unha duración máxima dunha hora.
4. Serán convocadas a realización do terceiro exercicio (probas físicas) as 300 persoas aspirantes que resulten aprobadas con mellor cualificación na proba de avaliación de coñecementos, sempre que superaran o exercicio de acordo co establecido nas bases da



convocatoria e sexan aptas na proba de coñecementos da lingua galega ou estean exentas da súa realización.

5. Advírtese ás persoas aspirantes que durante a realización do exercicio deberán manter en todo momento visibles os pavillóns auditivos e que non se permite o uso de prendas de cabeza.

6. Non se permitirá ás persoas aspirantes que asistan con acompañantes ao recinto dos exames.

7.-As persoas convocadas deberán ir provistas de:

a. DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.

b. Lapis número 2, goma de borrar e bolígrafo (o bolígrafo só para o segundo exercicio)

8. As portas de chamamento serán publicadas na páxina web da Agasp antes da realización da proba. Cada persoa aspirante será chamada unha soa vez na porta que lle corresponda de conformidade co documento publicado na páxina web da Agasp. O chamamento establécese ás 10:00 horas da mañán e as persoas aspirantes que non comparezan ao chamamento entenderanse decaídas no seu dereito a continuar no proceso.

Na Estrada, 6 de outubro de 2022

A Presidenta do Tribunal

María Rey Rivera

